XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Dirección Xeral de Saúde Pública

siCRi

Sistema de información sobre condutas de risco (SICRI)

SICRI-2023 nunha ollada

Resumo dos principais resultados da enquisa sobre condutas de risco na poboación galega realizada en 2023.

Sobre este documento

- Este documento é un resumo dos principais resultados obtidos no SICRI do ano 2023. Este documento presenta "nunha ollada" información sobre diferentes condutas de risco para a saúde.

- Este documento non inclúe recomendacións nin reflexións sobre os resultados.

- OLLO! débese ter en conta que os resultados do SICRI, por proceder dunha mostra da poboación, están sometidos á variabilidade que depende da mostraxe. A diferenza do que ocorre cos documentos aos que se pode acceder na páxina web do SICRI, neste documento non se fai explícita por cuestións de espazo.

Sobre o SICRI

- O sistema de información de condutas de risco (SICRI) ten como obxectivo principal identificar a presenza que teñen na poboación galega diferentes factores de risco para a saúde.

- Empezou a súa andaina no ano 2005, e dende entón realizáronse 13 estudos máis, nos anos 2006, 2007, 2009, 2010, 2011, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019 e 2021, ademais do aquí presentado.

- Os estudos dos anos 2009 e 2019 foron monográficos sobre condutas sexuais, e o estudo do ano 2016 foi un monográfico de saúde materno-infantil.

Sobre o SICRI 2023

- Ámbito:
  - Xeográfico: Galicia
  - Poboacional: Residentes de 16 anos en diante
  - Temporal: 2023
- Tamaño da mostra: 7.896 individuos
- Mostraxe: Aleatoria estratificada a partir da base de Tarxeta Sanitaria
- Recollida de información: Enquisa telefónica asistida por ordenador (CATI)
- Período de realización do estudo: outubro e novembro de 2023.
- Garántese a representatividade dos datos obtidos en homes e mulleres en 4 grupos de idade: 16-24, 25-44, 45-64 e 65 e máis.

Temas tratados no SICRI-2023

- Percepción do estado de saúde
- Consumo de tabaco
- Exposición ao fume ambiental de tabaco
- Consumo de alcohol
- Consumo de cannabis
- Etiquetas nutricionais
- Lactación materna
- Enfermidades crónicas
- Fraxilidade
- Benestar psicolóxico
- Consumo de tranquilizantes
- Antropometría e percepción do peso e talla
- Ludopatía

5 de cada 10 galegos perciben a súa saude como boa ou moi boa

- O 49% dos galegos consideran ter bo estado de saúde; isto é, din que o seu estado de saúde é bo ou moi bo.
- A percepción de bo estado de saúde empeora ao aumentar a idade. Así, o índice de posición, que se pode interpretar como a puntuación media que lle dan os galegos ao seu estado de saúde, pasa de 7,5 nos máis novos a 5,3 nos de 65 anos en diante.
- O sexo é condicionante da saúde percibida en Galicia. Entre a poboación de 65 anos en diante o 27% das mulleres perciben como mala ou moi mala a súa saúde fronte ao 20% dos homes.

PERCEPCIÓN DO ESTADO DE SAÚDE



A diario fuman 15 de cada 100 galegos...

- O tabaco é o factor de risco evitable que máis mortalidade causa en Galicia.
- A idade media á que se empeza a fumar son os 19 anos.
- O 19% dos galegos de 16 anos en diante son fumadores.
- A prevalencia de consumo é máxima entre os 25-44 anos (25%) e mínima a partires dos 65 anos (7%).
- O 84% dos fumadores fuman cigarros, rubios ou negros, e o 29% picadura ou tabaco de lear.
- A 6 de cada 10 fumadores gustaríalles deixar de fumar, e 2 de cada 10 están preparados para facelo. O 22% dos fumadores tentaron deixar de fumar no último ano.
- Os exfumadores levan de media 17,2 anos sen fumar. Nos máis novos (16-24 anos) este tempo é de case 1 ano e medio.

CONSUMO DE TABACO



… e 25 de cada 100 din estar expostos ao fume do tabaco

- O fume ambiental de tabaco (FAT) é o carcinóxeno ambiental mais estendido.
- O 25% dos galegos din estar expostos, ben a diario ou de xeito ocasional, ao FAT en calquera dos catro ámbitos estudados. O 27% dos homes din estar expostos fronte ao 23% das mulleres.
- A prevalencia máis alta de exposición ao FAT declárase na casa (14%), e tamén destaca a exposición ao FAT dos máis novos (16-24 anos) na casa (26%).
- Destaca que, en calquera dos ámbitos estudados, a exposición ao FAT diminúe coa idade.

PORCENTAXE DE EXPOSTOS AO FAT:
A DIARIO OU OCASIONALMENTE



3 de cada 10 fumadores fuman tabaco de lear

- Os fumadores galegos consumen maioritariamente cigarrillos, rubios ou negros.
- O consumo de tabaco de lear (picadura) entre os fumadores, que no ano 2007 era do 2%, segue a aumentar e en 2023 é do 29%.
- O 14% dos fumadores consumen so picadura, e o 15% consumen tanto cigarrillos como picadura.
- O consumo de picadura é máis frecuente nos máis novos; así fuman picadura o 49% dos fumadores de 16 a 24 anos, fronte ao 12% nos maiores de 64.
- 1 de cada 100 galegos ≥16 anos fuman cigarrillos electrónicos, uns 23.600 en total, dos que case a metade teñen entre 25 e 44 anos.

PORCENTAXE DE FUMADORES QUE CONSUMEN TABACO DE LEAR



6 de cada 10 mozos beberon alcohol no último mes

- O consumo de alcohol é o factor de risco máis prevalente en Galicia.
- O 61% dos mozos de 16 a 24 anos declaran beber alcohol no último mes. A prevalencia de consumo é a mesma en mozos e en mozas, e aumenta coa idade: pasa do 32% aos 16-17 anos a o 69% aos 21-24.
- O 20% dos mozos din que asistiron a un botellón nas 4 semanas anteriores á entrevista, e o 90% deles consumiron algunha bebida con alcohol. En global, o 18% dos mozos galegos consumiron alcohol en botellóns no último mes.
- O 13% dos menores de 25 anos practican consumo de atracón ou binge drinking, máis os rapaces (17%) que as rapazas (9%). A prevalencia de binge drinking aumenta coa idade, chegando ao 19% entre os de 21 a 24 anos.

PORCENTAXE DE MOZOS CONSUMIDORES DE ALCOHOL NAS 4 ÚLTIMAS SEMANAS



... e 1 de cada 7 galegos din que beben alcohol a diario ou case a diario

- O 14% dos galegos maiores de 15 anos declaran beber alcohol a diario ou case a diario.
- A prevalencia de consumo é máis alta nos homes (21% vs. 7%) e aumenta coa idade (16-24 anos: <1%; 25-44: 4%; 45-64: 14%; 65 e máis: 27%).
- O consumo de atracón ou binge drinking, que diminúe ao aumentar a idade, concéntrase nos homes; así, o 8% declaran practicar polo menos 1 vez ao mes este tipo de consumo fronte ao 2% das mulleres.
- O 4% dos galegos presentan un consumo de alcohol de risco segundo a súa puntuación no AUDIT, 6% dos homes e 2% das mulleres.

PORCENTAXE DE CONSUMIDORES DE ALCOHOL NAS 4 ÚLTIMAS SEMANAS



3 de cada 100 galegos fuman cannabis

- O 2,7% dos galegos maiores de 15 anos declaran fumar cannabis, a prevalencia é máis alta entre os homes (4,2% vs. 1,3%) e diminúe a medida que avanza a idade; así na poboación de 16 a 24 anos a prevalencia é do 6,3%, entre os 25-44 do 5,6% e a partir dos 45 anos sitúase no 1,0%.
- O 36% dos fumadores de cannabis declaran fumalo a diario, máis os homes (38%) que as mulleres (32%) e, por idade, o grupo con maior prevalencia de consumo diario é o de 25 a 44 anos (42%).
- O 90% dos consumidores fuman o cannabis na casa, ben na que viven ou na doutra persoa.
- O 14% dos consumidores de cannabis presentan un consumo de risco, o 16% dos homes e o 9% das mulleres segundo a súa puntuación no CAST.

PORCENTAXE DE CONSUMIDORES DE CANNABIS NO ÚLTIMO ANO



5 de cada 10 galegos consultan a etiqueta nutricional dos alimentos

- As etiquetas nutricionais axudan a facer eleccións saudables cando se compran os alimentos. Sen embargo, non sempre a poboación consulta a información que aportan e, aínda que a consulten, non sempre a teñen en conta para elixir a compra.
- O 48% dos galegos consultou nalgún momento a etiqueta nutricional dos alimentos, máis as mulleres que os homes (52% vs. 44%), pero a diferenza aumenta no grupo de 45 a 64 anos, no que o 59% das mulleres e o 45% dos homes consultan as etiquetas.
- O 41% da poboación ten en conta a etiqueta nutricional á hora de elixir a súa compra (o 86% daqueles que a consultan), e esta porcentaxe chega ao 53% no grupo de 25 a 44 anos.
- Entre as persoas que consultan a etiqueta nutricional, o 33% teñen dificultades para entendela, principalmente por ser difícil de interpretar, e a porcentaxe aumenta coa idade ata o 39% nos de 45 anos en diante.
- O principal motivo para non consultar a etiqueta, cun 60%, é que non o consideran necesario

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE CONSULTAN E TEÑEN EN CONTA AS ETIQUETAS NUTRICIONAIS



7 de cada 10 mulleres con fillos dan ou deron lactación materna

- O 72% das mulleres galegas de 15 anos en diante teñen algún fillo, e o 48% teñen máis de un. A porcentaxe de mulleres con fillos aumenta coa idade; nas menores de 40 anos sitúase no 30%, e chega ao 92% nas de 70 anos ou máis.
- Entre as mulleres con fillos, o 73% dan ou deron lactación materna, ben a seu fillo máis vello (70%) ou ao máis novo (65%).
- En promedio, as mulleres deron lactación materna aos seus fillos durante un período de 8 meses. Este tempo é maior nas cohortes de mulleres máis novas: 12 meses nas menores de 40 anos, 11 meses nas de 40 a 49, e 6 meses nas de 50 anos en diante.

PORCENTAXE DE MULLERES CON FILLOS QUE DAN OU DERON LACTACIÓN MATERNA



Case a metade dos galegos maiores de 64 anos teñen a tensión alta

- O 21% dos galegos de 16 anos en diante declararon que o médico lles dixera que tiñan a tensión arterial alta e que estaban tomando tratamento farmacolóxico, esta prevalencia é do 20% no caso da hipercolesterolemia e do 8% ao preguntar pola diabetes.
- A prevalencia destas condicións é semellante nos homes e nas mulleres, e aumenta coa idade.
- A prevalencia de hipertensión, de hipercolesterolemia e de diabetes é anecdótica nos menores de 45 anos.
- Nos maiores de 65 anos, a prevalencia de hipertensión acada o 46%, sen diferenzas entre homes e mulleres. Neste grupo de idade, teñen hipercolesterolemia o 43% dos homes e o 42% das mulleres, e diabetes o 23% e 18%, respectivamente.

PREVALENCIA DE ENFERMIDADES CRÓNICAS



1 de cada 10 galegos de 60 anos en diante ten fraxilidade

- O 13% dos galegos de 60 anos en diante son persoas fráxiles, e o 34% están en risco de selo (pre fráxiles).
- Nas mulleres, a prevalencia de fraxilidade é do 17%, e duplica á dos homes, cun 8%. A porcentaxe de persoas pre fráxiles tamén é maior nas mulleres, 38% vs. 30%.
- Se se compara o grupo de 60-69 anos cos de 70 ou máis, a prevalencia de fraxilidade é máis alta nestes últimos, 17% vs. 7%, e o mesmo sucede coa porcentaxe de persoas en risco de seren fráxiles, 38% vs. 29%.

PORCENTAXE DE PERSONAS CON FRAXILIDADE



A cuarta parte dos galegos están en risco de mala saúde mental

- O 27% da poboación galega de 16 anos en diante está en risco de ter mala saúde mental (GHQ>=3). A porcentaxe é máis alta entre as mulleres (33% vs. 21% nos homes) e diminúe coa idade: 35% nos menores de 25 anos, e 23% nos de 65 en diante.

- O valor promedio obtido no cuestionario foi de 2,3 puntos. Nos homes a puntuación foi algo máis baixa (1,9) o que indica mellor saúde mental, en comparación coas mulleres que teñen 2,6 puntos. As diferenzas por sexo aparecen en todos os grupos de idade e son máximas no grupo de 16 e 24 anos.

- Entre os galegos que declararon ter depresión ou que a tiveron no pasado, a puntuación media no test foi de 3,8 puntos, mentres que a media foi de 1,9 puntos nos que nunca tiveron depresión.

PUNTUACIÓN MEDIA NO GHQ-12



Nota: Para avaliar a saúde mental empregouse o cuestionario de Saúde Xeral GHQ-12 de Goldberg. A puntuación obtida varía entre 0 e 12, e puntuacións de 3 ou máis indican risco de mala saúde mental.

4 de cada 10 galegos tomaron algunha vez tranquilizantes

- O 37% dos galegos maiores de 15 anos tomaron algunha vez na súa vida tranquilizantes, relaxantes ou pastillas para durmir, e a metade deles fixérono no último mes.
- O consumo de tranquilizantes é máis frecuente nas mulleres, o 46% tomounos algunha vez e o 26% no último mes, fronte ao 26% e 12%, respectivamente, nos homes.
- A porcentaxe de persoas que tomaron tranquilizantes, algunha vez na vida ou no último mes, é máxima no grupo de 45 a 64 anos (39% e 18%, respectivamente), tanto en homes como en mulleres.
- 2 de cada 10 galegos declaran que teñen ou tiveron algunha vez depresión, máis as mulleres (27%) que os homes (12%), e a prevalencia supera o 20% nas persoas de 45 a 64 anos, e nas de 65 ou máis.
- Entre as persoas que din que tiveron depresión, o consumo de tranquilizantes algunha vez na vida chega ao 78%.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE CONSUMEN TRANQUILIZANTES OU TEÑEN DEPRESIÓN



Menos da metade dos galegos teñen o peso axeitado

- O 54% dos galegos de 16 anos en diante teñen exceso de peso: o 17% son obesos (IMC>=30 Kg/m^2) e o 37% teñen sobrepeso (IMC>25 pero <30).
- A prevalencia de exceso de peso é máis alta nos homes (60% vs. 48%) e aumenta coa idade ata chegar ao 65% nos maiores de 64 anos.
- O Índice de Masa Corporal medio é de 25,9 Kg/m^2, 26,5 nos homes e 25,5 nas mulleres.
- A poboación con baixo peso (IMC<18,5) concéntrase nas mulleres de 16 a 24 anos (7%).

DISTRIBUCIÓN DO IMC DECLARADO



5 de cada 10 galegos gastan cartos en xogos de azar

- O 53% dos galegos declaran que no último ano gastaron cartos en xogos de azar como a lotería, as máquinas comecartos ou apostas por internet. A prevalencia é máis alta entre os homes (61% vs. 46%) e no grupo de idade de 45-64 anos (62%).

- O 98% das persoas que declaran que xogaron no último ano fixérono a lotería, quinielas, bonoloto ou cupón. A porcentaxe que declara facer apostas por internet é do 2,6% e o 1,8% xoga nas máquinas comecartos. Estas dúas formas de xogo concéntranse nos homes de 16-24 anos, cunhas prevalencias do 28% e do 13%, respectivamente.

PORCENTAXE DE PERSOAS QUE GASTAN CARTOS EN XOGOS DE AZAR

